

A CANDELORIA

Sabías que... cada 2 de febreiro se celebra a Candeloria, o día no que casan os paxariños?

Sabías que... esta tradición provén dos tempos celtas, hai miles de anos?

Sabías que... celebramos que xa pasou a metade do inverno?

De feito hai varios ditos e refráns de literatura popular que falan disto, como:

“Cando a Candeloria chora, medio inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, metade do inverno está por pasar”.



- **Coñeces algunha outra festividade na que se celebre o amor?**
- **Coñeces algunha outra celebración ao redor do paso das estacións?**
- **Por que cres que os celtas celebraban estas cousas e nós seguimos celebrándoas miles de anos despois?**

A CANDELORIA. Fran Amil 🎵

Letra do escritor Luís Amado Carballo

Na _____ do abrente hoxe casan os _____
con _____ de _____ e ouro está o ceo galanado.

Ficou o día ancorado na ría donda do _____.

Os roibéns soben no lonxe como rosarios de incenso.

O xantar do _____, roibo na palma da _____
das eiras madrugadoras, xa está arranxado no val.

Lai larai larai, larai lai larai larai lai lai lai larai larai... Candeloria. (x2)

Vai tocando polo _____ a sua zanfona o _____
e canta o vento nas farpas sonoras dos _____.

O campo as _____ ruzas envolve en capa pluvial,
co hisopo do sol mollado dálles a beizón _____.

Do casebre _____ soben os vivas dos _____
e na _____ desta noite estrea un luar o _____.

Lai larai larai, larai lai larai larai lai lai lai larai larai... Candeloria. (x2)

Espazo para apuntar **vocabulario que non coñezo e o seu significado:**